

EL PRÍNCIPE AZUL LA PRINCESA ROSA

Ilustracións de MARGHERITA SGARLATA
RICCARDO FRANCAVIGLIA

Encadernado en cartón. 25 x 25 cm. 36 páx. 16 €.

Edición plurilingüe: galego, castelán, català, euskara.

ISBN 978-84-1343-038-6. Demademora.

FINALISTA DO SILENT BOOK CONTEST 2017

PREMIO MALERBA 2019

*Os libros silentes, os libros sen palabras, perdurarán,
porque neles se usa unha linguaxe universal e permiten
unha extraordinaria apertura ao «coñecemento».*

*Por esa razón, os adultos e os nenos de calquera idioma
ou cultura atopan neles un «lugar común»*

no que se poden recoñecer pese á súa diversidade.


[Patrizia Zerbi, Carthusia Edizioni]

Poucas obras como esta teñen tanto que ver, tanto que contar. Porque é un libro visual, sen palabras, cuxas lectoras e lectores poden interpretar a historia como queiran e cantas veces queiran grazas á súa abundancia de detalles. Porque a súa enxeñosa e elaborada estrutura permite que un novo relato volva comezar ao chegar ao final, lendo as páxinas de esquerda a dereita e de dereita a esquerda: mesmas ilustracións, distintas miradas.

Así, por un lado, está a viaxe dun príncipe que leva un agasallo e, ata que o entrega, pasa por intrépidas aventuras. Por outra parte, seguimos a unha princesa que porta unha carta para alguén e, no seu periplo, tamén lle ocorren divertidas andanzas.

Dous protagonistas -ambos compartindo espazo, sen interactuar entre si- e dúas historias que se entrelazan nun só libro, con sorprendentes desenlaces.

«El príncipe azul · La princesa rosa» foi finalista do Silent Book Contest 2017 organizado por Carthusia Edizioni en colaboración co municipio de Mulazzo e coa Asociación Montereaggio Paese dei Librai, e coa adhesión de IBBY Italia, a Feira do Libro de Boloña, o Salón do Libro de Turín e o Centro do Libro e da Lectura. Trátase dun proxecto cultural e editorial audaz para equiparar a palabra escrita coa ilustración, “unha linguaxe completa, inmediata e atractiva, con capacidade para narrar”. Porque os libros silentes son unha “oportunidade de crecemento” en diversidade, tolerancia y respecto.



- **Temática:** as aventuras dun príncipe e dunha princesa; dúas historias nun só libro.
- **Idade recomendada:** a partir de 4 anos.
- **Aspectos destacables:** libro silente, sen palabras; dúas historias cruzadas; amor, viaxes; finalista do Silent Book Contest 2017; da mesma serie que «[Mientras tú duermes](#)» (Kalandraka).
- **Avance do libro:**
<https://issuu.com/kalandraka.com/docs/el-principe-azul-la-princesa-rosa>

Margherita Sgarlata & Riccardo Francaviglia

Emparellados no profesional e no persoal, Riccardo Francaviglia e Margherita Sgarlata son autores dunha vintena de libros para público infantil, publicados en varios países de Europa e Asia. El escribe e debuxa as historias; ela coloréaaas. Riccardo é profesor na Facultade de Belas Artes de Reggio Calabria e Catania, e colabora como ilustrador en varias revistas xuvenís. Xunto con Margherita, imparte obradoiros de narración en escolas, cursos de construción de xoguets de madeira, e de creación de libros ilustrados. Ambos realizan espectáculos de monicreques en colexios e teatros de Italia. Ademais de finalistas do Silent Book Contest con «El príncipe azul · La princesa rosa», tamén foron finalistas do Premio Andersen 2017, e recibiron os premios Sulle Ali delle Farfalle e Stephan Zavrel.
<http://www.riccardoemargherita.com>

www. **Kalandraka** .com
comunicacion@kalandraka.com